

Recomendación dirixida ao Concello de Arteixo para que determine a competencia para a xestión da biomasa vexetal nos supostos recollidos na normativa de aplicación.

Recordatorio de Deberes Legais dirixido ao Concello de Arteixo para que no caso de ser de aplicación a Lei 3/2007, do 9 de abril, se leven a cabo todas as medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais para obrigar aos propietarios a que procedan á xestión da biomasa vexetal e de retirada de árbores no seu caso ou exerciten as competencias municipais para incoar, instruír e resolver os procedementos sancionadores por infraccións derivadas do incumprimento das obrigas incluídas no ámbito de aplicación desta norma.

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Arteixo para que no caso de ser de aplicación na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e os propietarios de bens inmobles non realicen as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo 135, o concello dite, as correspondentes ordes de execución que obriguen ao seu cumprimento, procedendo, en caso de incumprimento, á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas ou á execución subsidiaria.

Expediente: N.9.Q/822/22

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023.

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por XXX, en relación ao perigo pola altura dunhas árbores diante da súa vivenda.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO- Con data **28 de febreiro de 2022**, recíbese nesta institución escrito presentado por D^a XXX no que, esencialmente, fai constar o seguinte:

“ FRENTE A MI CASA HAY UNOS ÁRBOLES GIGANTES, MUY PELIGROSOS. PUSIMOS UNA RECLAMACIÓN AL CONCELLO DE ARTEIXO PARA QUE LOS TALASEN PERO NO NOS DAN SOLUCIÓN. LA RECLAMACIÓN EMPEZÓ EN EL AÑO 2020 (EXP: 2020/AGM/51) Y SEGUIMOS ESPERANDO.”

“¿SI ESTOS ÁRBOLES CAEN SOBRE MI CASA O MI COCHE A QUIÉN TENGO QUE RECLAMAR?¿EL CONCELLO DICE QUE NO PUEDE CONTACTAR CON EL PROPIETARIO DE LA FINCA.¿ QUIÉN TIENE LA RESPONSABILIDAD DE SOLUCIONAR ESTE PROBLEMA ?”

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe a ese concello.

TERCEIRO.- No informe remitido polo concello e elaborado por parte do Técnico Superior de Medio Ambiente, indica as actuacións realizadas ao respecto por parte do Departamento de Medio Ambiente do Concello de Arteixo, poñendo de manifesto o seguinte:

En relación co asunto enriba referido, por parte do Departamento de Medio Ambiente foron practicadas diferentes actuacións, todas elas enmarcadas dentro do expediente 2020/AGM-51, iniciadas a partir da solicitude presentada por unha persoa afectada polo estado de conservación dos predios referidos. As actuacións indicadas quedaron reflectidas na documentación que se inclúe no reiterado expediente:

- *Escrito presentado por D^a. XXX, NIF XXX en data 23 de novembro de 2020 (REN 202000000017459).*

- *Comprobación dos feitos e confección de informe de campo relativo ao estado das parcelas denunciadas (informe do Vixilante Ambiental ref^a. JW/210210-06).*

- *Notificación á solicitante e aos propietarios das abrigas que lles atinxen en cumprimento do disposto na reiterada lexislación:*

- *Comunicacións rexistros de saída 202100000001300, 202100000001299, 202100000001298, 202100000001297 e 202100000001296, de 17/02/2021.*

- *Comprobación dos feitos e confección de informes de campo relativos ao estado das parcelas denunciadas (informe do Vixilante Ambiental ref^a. JW/210604-05).*

Unha vez comprobada toda a documentación do expediente conclúese que os predios que incumpren a normativa de aplicación resultan ser as parcelas coas referencias catastrais XXX, XXX, XXX e XXX.

De acordo cos datos que foi posible recompilar, empregando para elo a plataforma dixital da Sede Electrónica do Catastro, así como investigacións realizadas sobre o terreo, a propiedade de cada unha das parcelas implicadas sería:


PARCELA	PROPIEDAD
15005A07100017	[REDACTED]
15005A07100018	[REDACTED]
15005A07100019	[REDACTED]
15005A07100020	[REDACTED]

Cos datos dos que se dispón no expediente, tan só foi factible a notificación aos propietarios da parcela XXX, os cales na data de comprobación do cumprimento do requirimento realizado por este Concello non realizaron os traballos de xestión da biomasa correspondentes, aínda que, a día de hoxe, foi comprobado, no marco doutro expediente, que a dita parcela cumpriría coas abrigas derivadas da aplicación da normativa de aplicación (informe de campo con referencia STV/220314-26, dentro do expte. 2022/AGM-05).

As outras tres parcelas serían as que, na data actual, estarían a incumprir a normativa de aplicación, feito polo que serán denunciadas diante do órgano competente da Administración Autonómica, ao atoparse en solo rústico.

Descrición dos predios.

As parcelas obxecto deste informe atópanse localizadas na parroquia de Morás, do Concello de Arteixo, no linde ca Concello da Coruña. A vivenda da persoa denunciante atópase no número XXX da Rúa XXX, da denominada Urbanización XXX, en XXX, no Concello da Coruña, mentres que as parcelas denunciadas localízanse ao carón desta rúa, xa no Concello de Arteixo, sobre solo clasificado nas NNSS do Concello de Arteixo como Non Urbanizable de Protección Forestal.



Estado da biomasa.

Os incumprimentos referiríanse ao establecido na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios de Galicia, en concreto, para cada parcela, nos seguintes termos:

- *Parcela XXX:*

Franxa de 50 metros perimetral	Especies da Disposición Adicional Terceira (Franxa de 50 m perimetral)
<p><input type="checkbox"/> Cumpre <input checked="" type="checkbox"/> Non cumpre Citar as especies: <i>Rubus ulmifolius</i>, <i>Ulex europaeus</i></p> <p>A maior parte da superficie está colonizada por formacións de vexetación desenvolvidas, de tipo arbustivo, dominadas por formacións de silveira (<i>Rubus ulmifolius</i>) e toxeira (<i>Ulex europaeus</i>), que acadan unha altura estimada de 1.9 m.</p> <p>Esta vexetación sitúase dentro do rango de distancia de 50 m. con respecto a terreos enmarcados en solo calificado coma urbano, chegando a situarse ata a aproximadamente 16 m. do mesmo</p> <p>Tamén se sitúa dentro do antedito rango de distancia de 50 m. con respecto ao paramento da vivenda denunciante, chegando a situarse concretamente a unha distancia aproximada de 20 m. do mesmo, así coma tamén con respecto ao paramento doutra vivenda contigua</p>	<p><input type="checkbox"/> Non <input checked="" type="checkbox"/> Si Citar as especies: <i>Rubus ulmifolius</i>, <i>Ulex europaeus</i>, <i>Pinus radiata</i></p> <p>Alberga, nunha parte da superficie, unha masa arbórea integrada por piñeiros de Monterrei (<i>Pinus radiata</i>) e eucaliptos (<i>Eucalyptus globulus</i>).</p> <p>Parte da antedita masa arbórea, en concreto integrada por <i>Pinus radiata</i>, sitúase dentro do rango de distancia de 50 m. con respecto a terreos enmarcados en solo calificado coma urbano, chegando a situarse ata a aproximadamente 27 m. do mesmo.</p> <p>Tamén se sitúa dentro do antedito rango de distancia de 50 m. con respecto ao paramento da vivenda denunciante, chegando a situarse concretamente a unha distancia aproximada de 30 m. do mesmo, así coma tamén con respecto ao paramento doutra vivenda contigua</p>

- Parcela [REDACTED]

Franxa de 50 metros perimetral	Especies da Disposición Adicional Terceira (Franxa de 50 m perimetral)
<p><input type="checkbox"/> Cumpre <input checked="" type="checkbox"/> Non cumpre Citar as especies: <i>Rubus ulmifolius</i>, <i>Ulex europaeus</i></p> <p>A totalidade da superficie está colonizada por formacións de vexetación desenvolvidas, de tipo arbustivo, dominadas por formacións de silveira (<i>Rubus ulmifolius</i>) e toxeira (<i>Ulex europaeus</i>), que acadan unha altura estimada de 1.8 m.</p> <p>Esta vexetación sitúase dentro do rango de distancia de 50 m. con respecto a terreos enmarcados en solo calificado coma urbano, chegando a situarse ata a aproximadamente 10 m. do mesmo</p> <p>Tamén se sitúa dentro do antedito rango de distancia de 50 m. con respecto ao paramento da vivenda denunciante, chegando a situarse concretamente a unha distancia aproximada de 16 m. do mesmo, así coma tamén con respecto ao paramento doutras vivendas contiguas</p>	<p><input type="checkbox"/> Non <input checked="" type="checkbox"/> Si Citar as especies: <i>Rubus ulmifolius</i>, <i>Ulex europaeus</i>, <i>Pinus radiata</i></p> <p>Alberga, nunha parte da superficie, unha masa arbórea integrada por piñeiros de Monterrei (<i>Pinus radiata</i>) e eucaliptos (<i>Eucalyptus globulus</i>).</p> <p>Parte da antedita masa arbórea, en concreto integrada por <i>Pinus radiata</i>, sitúase dentro do rango de distancia de 50 m. con respecto ao paramento da vivenda denunciante, chegando a situarse concretamente a unha distancia aproximada de 27 m. do mesmo</p> <p>Tamén se sitúa dentro do antedito rango de distancia de 50 m. con respecto a terreos enmarcados en solo calificado coma urbano, chegando a situarse concretamente a unha distancia aproximada de 8 m. do mesmo, así coma tamén con respecto ao paramento doutras vivendas contiguas</p>

- Parcela [REDACTED]

Franxa de 50 metros perimetral	Especies da Disposición Adicional Terceira (Franxa de 50 m perimetral)
<p><input type="checkbox"/> Cumpre <input checked="" type="checkbox"/> Non cumpre Citar as especies: <i>Rubus ulmifolius</i>, <i>Ulex europaeus</i></p> <p>A totalidade da superficie está colonizada por formacións de vexetación desenvolvidas, de tipo arbustivo, dominadas por formacións de silveira (<i>Rubus ulmifolius</i>) e toxeira (<i>Ulex europaeus</i>), que acadan unha altura estimada de 1 m.</p> <p>Esta vexetación sitúase dentro do rango de distancia de 50 m. con respecto a terreos enmarcados en solo calificado coma urbano, chegando a situarse ata a aproximadamente 10 m. do mesmo</p> <p>Tamén se sitúa dentro do antedito rango de distancia de 50 m. con respecto ao paramento da vivenda denunciante, chegando a situarse concretamente a unha distancia aproximada de 29 m. do mesmo, así coma tamén con respecto ao paramento doutras vivendas contiguas</p>	<p><input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> Si</p> <p>Non alberga formacións arbóreas dentro do rango de distancia de 50 m. con respecto a solo calificado coma urbano</p>

Normativa de aplicación.

- *Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia*
- *Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.*
- *Orde do 31 de xullo de 2007, polo que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal.*
- *Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.*

De acordo co exposto, cómpre facer as seguintes

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- Neste expediente debemos distinguir entre:

1º.- A situación da parcela XXX.

2º.- A situación das parcelas XXX, XXX e XXX.

SEGUNDA.- **Respecto da parcela XXX**, segundo o informe remitido polo concello e tendo en conta os datos dos que dispón no expediente, tan só foi factible a notificación aos propietarios desta parcela e, á data do informe, **foi comprobado, que a dita parcela cumpriría coas abrigas derivadas da aplicación da normativa de aplicación.**

TERCEIRA.- **Respecto das outras tres parcelas (XXX, XXX e XXX)** serían as que, na data do informe, **estarían a incumprir a normativa de aplicación, feito polo que, segundo manifesta o concello, serán denunciadas diante do órgano competente da Administración Autonómica, ao atoparse en solo rústico.**

CUARTA.- A Instrución 1/2018, do 26 de abril, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas impostas pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia; a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras; e a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, establece no seu apartado Terceiro as competencias dos concellos e da Administración xeral da Comunidade Autónoma en materia de vixilancia do cumprimento polas persoas responsables das súas obrigas e execución forzosa.

No ámbito de aplicación desta instrución, corresponde aos concellos a competencia para vixiar o cumprimento e impoñer o cumprimento forzoso das seguintes obrigas:

a) Obriga de xestión da biomasa vexetal e de retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, no ámbito das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa, nunha franxa de 50 metros:

1º. Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable.

2º. Arredor das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolineras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte.

3º. Arredor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.

b) Obriga de xestión da biomasa vexetal e retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, nunha faixa perimetral de 50 metros arredor das novas instalacións destinadas a explotacións agrícolas, gandeiras e forestais e as vivendas vinculadas a estas, así como as novas urbanizacións e edificacións que afecten zonas de monte ou de influencia forestal, non teñan continuidade inmediata coa trama urbana e que sexan estremeiras con monte ou con zonas de influencia forestal.

No apartado Cuarto regúlanse as competencias sancionadoras, consonte o establecido polo artigo 54 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. As competencias para incoar, instruír e resolver os procedementos sancionadores por infraccións derivadas do incumprimento das obrigas incluídas no ámbito de aplicación desta instrución corresponden aos concellos nos supostos de incumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e de retirada de especies arbóreas nas redes de faixas secundarias de xestión de biomasa e arredor das novas instalacións, urbanizacións e edificacións, sempre que se atopen en solo urbano, urbanizable ou de núcleo rural.

QUINTA.- Nun recente ditame do Consello Consultivo de Galicia de decembro de 2022 salientase o risco que supón para un concello non actuar no sentido indicado pola lei. O Consello Consultivo ratifica que os concellos están obrigados a executar a limpeza de fincas se é necesario e que esta obrigado a facer cumprir este mandato legal xustificando a existencia "dun risco xeneralizado de lume", enviándolle á persoa responsable unha comunicación na que se lle lembre a súa obrigación, que deberá levar a cabo nun prazo máximo de 15 días naturais.

SEXTA.- Sen prexuízo do exposto se nas parcelas XXX, XXX e XXX existe o problema ao que se refire a reclamante (a existencia, fronte a súa vivenda, de árbores xigantes e moi perigosos, suponse que con risco de caída), sería de aplicación o **artigo 135.1.c) da Lei do Solo de Galicia** dispón que **os propietarios de toda clase de terreos deberán conservalos nas condicións legais de seguridade, salubridad,e accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles.**

O artigo 136.1 do mesmo texto legal, dispón que os concellos, de oficio ou a instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e previa audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen aos propietarios de bens inmobles a:

- a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior”, debendo proceder os concellos, no caso de incumprimento polo propietario da orde de execución, á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas ou á execución subsidiaria.

No caso concreto ao que se refire a queixa, se chegase o correspondente expediente a acreditación de que as árbores, pola situación o condicións na que se atopan, poden afectar á seguridade das persoas ou bens, o concello debe proceder a actuar no sentido indicado, sen que lle dispense de elo que tales árbores arraiguen en solo rústico, pois as normas referidas non establecen ao respecto limitación algunha nas competencias municipais por razón da clasificación do solo.

SÉTIMA.- En resumo, o incumprimento do deber legal do concello, xa sexa por aplicación da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia ou pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, non pode ampararse no traslado da denuncia á Consellería de Medio Rural. En todo caso, o concello ten a obriga de examinar a cualificación deses terreos, as distancias, e de determinar a competencia para a xestión da biomasa vexetal ou, no seu caso para cumprir o disposto na Lei do Solo de Galicia. Non basta coa mera remisión da denuncia a un órgano autonómico sen motivar adecuadamente a competencia ou falta de competencia do Concello no suposto denunciado ao existir unha clara tipificación legal das obrigas así como a competencia do concello para vixiar o cumprimento e impoñer o seu cumprimento forzoso.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese concello a seguinte **RECOMENDACIÓN:**

- Que o Concello de Arteixo examine cal é a cualificación deses terreos, as distancias, e determinar a competencia para a xestión da biomasa vexetal nos supostos recollidos na normativa de aplicación; é dicir, se é competencia municipal :

a) Obriga de xestión da biomasa vexetal e de retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, no ámbito das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa, nunha franxa de 50 metros:

1º. Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable.

2º. Arredor das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolinerías e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte.

3º. Arredor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.

b) Obriga de xestión da biomasa vexetal e retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, nunha faixa perimetral de 50 metros arredor das novas instalacións destinadas a explotacións agrícolas, gandeiras e forestais e as vivendas vinculadas a estas, así como as novas urbanizacións e edificacións que afecten zonas de monte ou de influencia forestal, non teñan continuidade inmediata coa trama urbana e que sexan estremeiras con monte ou con zonas de influencia forestal.

- En caso de que as árbores estean ameazando, por risco de caída, á vivenda, proceda de acordo co procedemento previsto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia

De tratarse de fincas incluídas nalgún dos supostos anteriores, realízase o seguinte **RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS:**

No caso de ser de aplicación a Lei 3/2007, do 9 de abril:

“Recordámoslle que por parte do Concello de Arteixo se leven a cabo con urxencia todas as medidas previstas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais para obrigar aos propietarios das fincas ás que se refire esta queixa a que procedan á xestión da biomasa vexetal e de retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da

Lei, situadas a carón de edificacións e vivendas, e, de selo caso, se exerciten as competencias municipais para incoar, instruír e resolver os procedementos sancionadores por infraccións derivadas do incumprimento das obrigas incluídas no ámbito de aplicación desta norma”.

No caso de ser de aplicación na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia

“Recordámoslle que no caso de que os propietarios de bens inmobles non realicen as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo 135 da Lei do solo de Galicia, o concello dictará, nos termos previstos no artigo 136 da citada Lei, as correspondentes ordes de execución que obriguen ao seu cumprimento, procedendo, en caso de incumprimento, á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas ou á execución subsidiaria”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nestas resolucións da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación e, no seu caso da aceptación do recordatorio de deberes legais formulado.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditaron as presentes resolucións, estas incluíranse na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con



especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo
(Asinado dixitalmente)